

## PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO CONCELLO DE SILLEDA

### BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2023

#### BASE 1ª.—OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

##### 1.1.—FINALIDADE

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2023 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Emprego no ámbito do Concello de Silleda coa finalidade de potenciar e colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos.

##### 1.2.—BENEFICIARIOS/AS

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais, autónomos e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 novembro de 2022 e o 30 de novembro de 2023 (Entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.)

Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

##### 1.3.—REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

- 1.—Que a persoa física ou xurídica teña o seu enderezo fiscal e social en Silleda.
- 2.—Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos neste concepto, os trasposos de negocios, pero non as transformacións de forma xurídica.
- 3.—Que, como mínimo, unha das persoas promotoras estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, polo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes.
- 4.—Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin as persoas socias.
- 5.—Non ter débedas co Concello de Silleda, nin a empresa, nin as persoas socias.
- 6.—Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo



13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).

#### 1.4.— TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES

A finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade.

O importe máximo destas axudas será de 4.200 euros por empresa/persoa beneficiaria, en base ao baremo de puntuación a continuación detallado, e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado.

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 15.000 euros do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 241-470 en aplicación do artigo 58 do RD 887/ 2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establécese unha contía adicional máxima de 5.000€, cuxa aplicación á concesión destas subvencións non requirirá dunha nova convocatoria.

Este crédito, por depender dun incremento do importe do crédito orzamentario dispoñible na aplicación orzamentaria 241-470, queda condicionada á declaración da dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas por este importe adicional.

Os gastos que poderán ser subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de novembro de 2022.

DESCRICIÓN	PUNTOS		VALOR (30 €/PUNTO)	
	HOME	MULLER	HOME	MULLER
PARADO LONGA DURACIÓN	10		300	
APERTURA DE LOCAL	20		600	
ALTA AUTÓNOMO	30		900	
CONTRATACIÓN PERSONAL (incrementase o valor ata 20 puntos no caso de contratar mulleres (puntuación non acumulable))	HOME	MULLER	HOME	MULLER
	20	30	600	900
PLUS POR PROXECTOS DO SECTOR PRIMARIO, RELACIONADOS CO MEDIOAMBIENTE OU I+D+I	40		1200	
FAMILIA MONOPARENTAL CON CARGAS FAMILIARES	10		300	
<b>TOTAL</b>	130	140	3900	4200



*Gastos subvencionables:*

a) Gastos de constitución e apertura serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a1) Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2) Licenza de obra e licenza de apertura
- a3) Alta no Rexistro Mercantil
- a4) Certificación negativa do nome da sociedade
- a5) Honorarios de notarías por escrituras públicas
- a6) Publicación no BORME
- a7) Modelo 600 da Xunta de constitución da empresa.
- a8) Gastos de rexistros en Institucións (Consellos Reguladores, IXP, etc. )

b) Existencias iniciais de mercadorías. Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción.

c) Gastos de aluguer do local, vehículo industrial ou agrícolas, ou calquera outra maquinaria sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.(Serán subvencionables o 50% )

d) Primas de seguros: Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. (seguro do local, de responsabilidade civil, seguro de colleita ou de ganado e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

e) Subministracións e gastos correntes.

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- e1) Auga
- e2) Teléfono
- e3) Electricidade
- e4) Gasóleo / gasolina
- e5) Material de oficina
- e6) Asesoría



- e7) Gas
- e8) Equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)
- e9) Programas e aplicacións informáticas
- f) ) Dereitos de propiedade industrial Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:
  - f1) Patentes
  - f2) Modelos de utilidade
  - f3) Deseño industrial
  - f4) Marcas de produtos ou servizos
  - f5) Nomes comerciais
  - f6) Dominio en Internet.
- g) Equipos informáticos, desenvolvemento e custos de paxina web, aplicacións informáticas, e outros gastos tecnolóxicos.
- h) Serán subvencionables o 50% nos proxectos do sector primario, relacionados con Medio Ambiente ou I+D+I a adquisición de:
  - h1) Compra de maquinaria ou apeiros
  - h2 ) Instalacións (Invernadoiros, sistemas de rega, fertirrigación ,etc)
  - h3) Realización de pozos ( motores, bombas, etc)
  - h4) Insumos agrícolas ( sementes, plántulas, fertilizantes e acondicionadores do solo, produtos fitosanitarios, etc)

#### 1.5.— RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:



- importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.

## BASE 2ª.—COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

A concesión da subvención regulada nestas bases, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda

### 2.1.—INICIO DO PROCEDEMENTO:

O procedemento entenderase iniciado de oficio no momento no que polo órgano competente, que neste caso, e de acordo co artigo 21.1 é o Alcalde do Concello, e por delegación a Xunta de Goberno Local, se aprobe a convocatoria da presente subvención. A convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia.

#### 2.1.1 - SOLICITUDE:

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), presentaranse polos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de Outubro, Lei do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As solicitudes (Anexo I) dirixiranse á Concellería de Emprego, debendo ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª da subvención (Anexo II).
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo III).
- Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas (Anexo IV)
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial (Anexo V).

\_ Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as

- NIF/DNI da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneiros/as e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil (no caso de sociedade limitada só se precisa o DNI da persoa representante da empresa e mais das persoas socias que se autoempreguen).

- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as que creen os seus propios postos de traballos.
- Solicitud de licenza de apertura, licenza de obras ou comunicación previa cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada.

### 2.1.2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 30/11/2023 ou ata esgotar o orzamento, que se contará a partir do día seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra da convocatoria que se derive da aprobación das presentes bases.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos/as solicitantes, previa solicitude.

### 2.2.—TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO

1. De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 e no correlativo artigo 31.4, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade tramitadora atendendo ao disposto no art. 34 e seguintes da Lei 39/2015, concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito.

O órgano xestor publicará no taboleiro e na páxina web do Concello de Silleda o esgotamento da partida orzamentaria e non admitirá as solicitudes posteriores destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito.

Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa intensidade prevista no artigo 1.4 desta resolución, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe de axuda que resulte.

No caso de coincidencia na data entre varias solicitudes, e cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a todas coa intensidade de axuda solicitada, o crédito distribuirase de maneira ponderada entre elas en función da solicitude e respectando o límite de intensidade máxima prevista no artigo 1.4.

A comunicación do saldo pendente estará dispoñible na web do Concello.



2. Conforme ao establecido no art. 68 da Lei 39/2015, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederase conforme ao que determina o artigo 21 da citada lei.

Este requirimento de corrección tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 3.1 resulta que o/a solicitante non está ao corrente de pago das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que achegue cuantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas da mesma.

Para as accións de control/ seguimento o servizo de emprego e desenvolvemento local poderá requirirlle aos/ás empresarios/as e/ou ás pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Nomearase unha Comisión de Valoración formada por un/ha Presidente/a, un/ha Secretario/a con voz pero sen voto e dous vogais.

A Concellería de Emprego será a encargada da instrución das solicitudes e, a vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, emitirá unha proposta de concesión ou de denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

Cando a proposta sexa de concesión deberá ser sometida a fiscalización pola Intervención municipal.

### 2.3.- RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, de acordo co procedemento sinalado na base 2.

O prazo para resolver será, como máximo, de tres meses dende a presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

As solicitudes iran resolvéndose a medida que se vaian presentando.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.



A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos do concello na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello [www.silleda.gal](http://www.silleda.gal) e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo a lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015 do 1 de Outubro, Lei do Procedemento administrativo común.

Unha vez concedidas as axudas faranse efectivas cun pagamento do 75% da contía total no momento de ser concedida, con carácter de anticipo, e o restante 25% unha vez xustificada a subvención.

#### BASE 3ª. — OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Non procederá o pago da subvención en tanto a persoa ou empresa beneficiaria non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- Comunicarlle ao Concello Silleda calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a





comprobación destas subvencións, e facilitará a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

#### BASE 4ª.—XUSTIFICACIÓN

A persoa beneficiaria da axuda, deberá de proceder á súa xustificación dentro de prazo de seis meses dende a data da concesión, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Unha relación clasificada dos gastos totais (Anexo VII conta xustificativa), con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago (Só serán aceptados pagos realizados por medios bancarios). Nas facturas computarase o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

b) Facturas orixinais (para que o Concello proceda ao seu selado significando que foron utilizadas para tal fin ) polo importe do dobre do importe total da subvención outorgada.

As facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación, dos que cabe destacar os seguintes:

- Número e, no seu caso, serie.
- Data da súa expedición.
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa de quen expide a factura e do/da destinatario/a das operacións.
- Número de identificación fiscal do/a obrigado/a a expedir factura e do/a destinatario/a.
- Enderezo do/a obrigado/a a expedir a factura e do/a destinatario/a das operacións.
- Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto destas operacións e calquera desconto ou rebaixa non incluído no prezo.
- O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións
- A cota tributaria que, no seu caso, repercute, consignada por separado.



— Especificación, por separado, da parte de base imponible correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.

c) Declaración xurada do/a perceptor/a (Anexo VI), acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron aboadas ás persoas expedicionarias ou, no seu caso, ás persoas titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

d) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e coa AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as.

e) Fotografía do cartel/adhesivo informativo da subvención que será subministrado pola Concellería de Emprego.

Toda a documentación presentada deberá estar numerada, con data, identificación da persoa solicitante e da empresa e a sinatura da persoa representante.

A Concellería de Emprego, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo da fiscalización que corresponde ao departamento de intervención.

## BASE 5ª.—PUBLICIDADE

### 5.1.—PUBLICIDADE DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS AXUDAS

As presentes bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2023 do Programa de axudas municipais á creación de emprego no Concello de Silleda publicaranse no boletín oficial da Provincia de Pontevedra, nos xornais de maior tirada da cidade e na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal> e web [www.silleda.gal](http://www.silleda.gal), unha vez aprobada polo Pleno da Corporación. Deberán publicarse tamén na Base de Datos Nacional de Subvenciones

As citadas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes, facilitaranse no servizo de Emprego, na sede electrónica



<http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web [www.silleda.gal](http://www.silleda.gal) e nas dependencias de información do Concello de Silleda.

## 5.2.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

Todas as axudas que se concedan serán publicadas, con estas indicacións, na páxina web: [www.silleda.gal](http://www.silleda.gal), expostas no Taboleiro de Edictos do Concello de Silleda e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

## 5.3.—PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Silleda. O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Concellería de Emprego.

## BASE 6ª.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade: En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd), relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os datos recabados, e que Vd. nos facilite e achegue a esta solicitude, serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Servizos do Concello de Silleda.

Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos serán as contempladas no art. 6 da LOPDGDD, e estarán fundamentadas no consentimento que vostede concede ou no do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante da subvención ou axuda na que está interesado, podendo tamén selo o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable a este responsable ou a de protexer os intereses vitais do interesado ou de outra persoa física.

Cesión de datos: A solicitude, así como os documentos achegados, poderán ser cedidos ou consultados ante aquelas Administracións Pública ou ante outros Organismos competentes en materia de subvencións e axudas solicitadas, e polo que,

Vostede AUTORIZA e está sendo informado, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática por parte deste responsable con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas o cumprimento dos requisitos requeridos.



Pode consultar políticas de privacidade ou exercio dos dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos pode presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos poderá exercelos presentando escrito no Rexistro Xeral deste Concello en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra ou por vía mail a: [info@silleda.gal](mailto:info@silleda.gal) ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado.

## BASE 7ª.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

### 7.1.—PERDA DO DEREITO AO COBRO:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Se no caso de ter pechado o local/negocio antes do transcurso dos seis meses da concesión da axuda, o adxudicatario non terá dereito a percibir o 25% restante pendente da axuda, así mesmo, quedará fóra de poder optar a calquera outra axuda desta índole que facilite o Concello de Silleda, nun prazo de 3 anos, así como quedará obrigado ao reintegro total do anticipo recibido.

### 7.2.—RENUNCIA:

A persoa beneficiaria poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

### 7.3.—NULIDADE, REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN:

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu



pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

En relación ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### BASE 8ª.—NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### BASE 9ª.—DISPOSICIÓN ADICIONAIS

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 241/470 “PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO” do orzamento municipal para o ano 2022, cun importe total de 15.000€.

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

#### BASE 11ª.—DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P. O Concello de Silleda quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.



AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO 2023  
ANEXO I. SOLICITUDE

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

Nome/Razón Social: NIF:  
Representante: DNI:  
Enderezo Social: Tfno:  
Localidade: C.P.:

**DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACION E CONTACTO PARA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE**

Persoa de contacto:  
Correo electrónico:  
Enderezo:

**EXPOÑO:**

Que á vista do acordo da Xunta de Goberno Local relativo á aprobación das Bases e convocatoria para o ano 2023 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, e despois de coñecer e aceptar as súas bases reguladoras,

**DECLARO:**

- Que **ACEPTO** as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo pola Comisión de Valoración e Seguimento, segundo o estipulado nas bases e convocatoria para o ano 2023 do programa de Axudas á Creación de Empresas.
- Que **ACEPTO** o correo electrónico indicado como medio de notificación e información das acción que resulten da presente axuda municipal que solicito.


**SOLICITO:**

A concesión da correspondente axuda para a creación de empresas, por importe total de ..... euros, de acordo co especificado nas bases reguladoras e convocatoria.

Silleda, ..... de ..... de 2023  
(*Sinatura do/a solicitante ou representante*)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA. CONCELLERÍA DE EMPREGO

É imprescindible cubrir todos os datos, marcar cun X as declaracións e asinar a solicitude.  
Estos datos serán tratados de acordo coa Ley Orgánica 15/1999, de 13 de deciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD)



### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

Acompañando a solicitude da Axuda Municipal á Creación de Emprego presentarase a seguinte documentación (**orixinal** ou **copia compulsada**):

- **Anexo II.** Declaración responsable do cumprimento dos requisitos.
- **Anexo III.** Ficha de solicitude de transferencia bancaria.
- **Anexo IV.** Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas.
- **Anexo V.** Memoria xustificativa do proxecto empresaria
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da empresa e de todos os promotores.
- NIF da empresa, DNI dos promotores, copia do documento de constitución da empresa e copia da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade (no casode varios promotores só precísase o DNI do representante da empresa e dos promotores que seautoempreguen). Cando a solicitante sexa persoa Hsica, só terá que presentar copia do DNI ou NIE.
- Alta no IAE da Empresa ou empresario individual que solicita a axuda, ou documento equivalente
- Alta no correspondente réxime da **Seguridade Social** e **vida laboral** das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.
- Copia das **facturas dos gastos** para os que se solicita a subvención xunto coa **poliza do seguro e contrato de aluguer**, no seu caso. No caso de **licenzas** deberá indicar a cuantía aboada. Computaranse as facturas sempre que estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa.
- Solicitude de **licenza de apertura e licenza de obras, ou comunicación previa** cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade



**AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO 2023**  
**ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS**

Don/Dona....., con DNI .....  
....., en representación da empresa .....  
....., co NIF ....., solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2023 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Silleda ,

**DECLARA** que a empresa cumpre os requisitos dos puntos 1.2 e 1.3 da base 1ª das bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas:

REQUISITOS DA EMPRESA SOLICITANTE (1.2 da base 1ª)	SI	NON
Son un empresario/a individual ou unha PEME		
A empresa iniciou a actividade entre:		

REQUISITOS DA EMPRESA SOLICITANTES (1.3 da base 1ª)	SI	NON
A miña empresa ten o domicilio fiscal e social en Silleda		
É unha empresa de nova creación (non é transformación de forma xurídica)		
Creei como mínimo, o meu propio posto de traballo ou o de algún dos promotores (sempre que as persoas promotoras autoempregadas teñan, como mínimo o 50% do capital social)		
A empresa e todos os promotores teñen débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e facenda, coa AEAT, nin co Concello de Silleda		
Estou incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no artigo 10 da Lei de Subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (nin a empresa nin os promotores)		

Coa solicitude INESCUSABLEMENTE deberá achegar esta declaración debidamente cuberta e asinada.

**Deberá marcar TODOS os cadros cun X na columna correspondente.**

Silleda, ..... de ..... de 2023

Asdo.:





**AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO 2023  
ANEXO III. FICHA DE SOLICITUDE DE TRANFERENCIA BANCARIA**

TITULAR DA CONTA:	DNI/NIF:
ENDEREZO:	TELF.:
POBOACIÓN:	CP.:
<b>DATOS DA CONTA</b>	
IBAN ES	
ENTIDADE BANCARIA:	
OFICINA E LOCALIDADE:	
<b>DECLARO:</b> Que os datos anteditos son correctos e corresponden ao título e número de conta da persoa beneficiaria  <div style="text-align: right;">Silleda,        de        2023</div>	

**AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO 2023  
ANEXO IV . DECLARACIÓN XURADA DOUTRAS AXUDAS**

Don/Dona ....., con DNI ....., en representación da empresa ....., con NIF....., solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2023 do programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego do Concello de Silleda,

**DECLARO:**

- Non ter **solicitada** ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas para a constitución como autónomo/a ou para a creación da empresa á que represento.

- Ter **solicitado e/ou concedida** as seguintes subvencións de administracións ou entidades públicas **para a mesma actividade ou proxecto**:

Solicitada	Concedida	Importe	Organismo	Concepto	Outra regulación

Silleda, ..... de .....2023

Asdo.:

**AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO 2023  
ANEXO V . MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO EMPRESARIAL**



**1.DATOS PERSOAIS** (Relacionarase a todos os promotores)

**PROMOTOR/A 1**

Apelidos e nome:		NIF.:
Teléfono	Data de Nacemento	Tempo de permanencia en desemprego

**PROMOTOR/A 2**

Apelidos e nome:		NIF.:
Teléfono	Data de Nacemento	Tempo de permanencia en desemprego

**PROMOTOR/A 3**

Apelidos e nome:		NIF.:
Teléfono	Data de Nacemento	Tempo de permanencia en desemprego

**2. DESCRICIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL**

**2.1. DESCRICIÓN DA/S ACTIVIDADE/S**

Definición da actividade que se vai a desenvolver

**2.2. DATOS DO PROXECTO**

Nome da empresa (razón social ou nome comercial)		NIF
Enderezo Social:		
Localidade:	Cp.:	Provincia:
Teléfono:	Correo-e:	
Epígrafe IAE:	Data de inicio actividade:	
Forma xurídica:		

**2.3. CREACIÓN DE EMREGO**



Nº postos de traballo creados:	Indique situación social dos promotores autoempregados segundo colectivo ao que pertencen
Promotores autoempregados	
Traballadores/as contratados/as	
Para as contratacións por conta allea: tipos de contrato utilizados, duración (indefinido, temporal), xornada (tempo completo, media xornada...)	

### 3. PLAN ECONÓMICO FINANCIERO

#### 3.1. PLAN DE INVERSIÓN E FINANCIAMENTO INICIAL PLAN DE INVERSIÓN

Concepto	Custo	IVE
<b>ACTIVO NON CORRENTE</b>		
Inmobilizado intanxible		
Inmobilizado Material		
Inmobilizado Financeiro		
<b>ACTIVO CORRENTE</b>		
Circulante		
<b>TOTAL INVERSIÓN</b>		

#### CÁLCULO DA AMORTIZACIÓN

Concepto	Para amortizar	Anos
Amortización do Inmobilizado Intanxible		
Amortización do Inmobilizado material		
<b>TOTAL COTA AMORTIZACIÓN ANUAL</b>		

#### PLAN DE FINANCIAMENTO

Concepto	Importe
Achegas de socios/as	
Préstamos	
Subvencións	
Outros	
<b>TOTAL FINANCIAMENTO</b>	

#### 3.2. CONTAS DE RESULTADOS PROVISIONAL



<b>Concepto</b>	<b>Ano 1</b>	<b>Ano 2</b>
<b>Ingresos</b>		
Vendas ou prestación de servizos		
Outros ingresos		
<b>Gastos variables</b>		
Gastos por compras		
Outros gastos variables		
<b>Gastos de Persoal</b>		
Anticipo de promotores		
Soldos e salarios		
Seguridade social		
<b>Servizos exteriores</b>		
Alugueiro		
Material de Oficina		
Servizos profesionais independentes (asesoría...)		
Prima de seguros		
Subministracións (auga, electricidade, gas...)		
Gasto telefónico		
Publicidade, imprenta, propaganda...		
Transportes		
Servizos bancarios e similares		
Cota de leasing/renting		
Reparacións, conservacións e outros		
<b>Tributos</b>		
IAE		
Lixo		
<b>Gastos financeiros</b>		
Outros (desconto, tarxetas)		
<b>INGRESOS- GASTOS</b>		
Amortización do inmovilizado		
<b>BAT</b>		
Xuros do préstamo		
<b>BAT</b>		
Imposto sobre beneficio		
<b>BENEFICIO NETO</b>		

### 3.3. INVERTEMENTO SUBVENCIÓNABLE



	Base imponible	%IVE	Importe
<b>GASTOS DE CONSTITUCIÓN E APERTURA</b>			
Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos			
Licenza de obra, e/ou apertura			
Alta no Rexistro Mercantil			
Certificación negativa do nome da sociedade			
Honorarios de notaría por escrituras públicas			
Publicación no Borme			
Modelo 600 da Xunta de constitución de empresa			
Gastos de rexistros en institucións (Consello Regulador IXP, etc...)			
<b>MERCADORÍAS INICIAIS</b>			
Primeiras compras de mercadorías			
Compras de materias primas			
Outros consumibles utilizados no proceso			
Subscrición a revistas, libros profesionais...			
<b>GASTOS DE ARRENDAMENTO DO LOCAL</b>			
Naves			
Oficinas			
Outros locais auxiliares			
<b>PRIMAS DE SEGUROS</b>			
Responsabilidade civil			
Local (roubo, incendio...)			
Seguros agrarios			
Outros (máximo un vehículo imprescindible)			
<b>SUBMINISTRACIÓN E GASTOS CORRENTES</b>			
Auga			
Teléfono			
Electricidade			
Gasóleo/gasolina			
Material de oficina			
Asesoría			
Gas			
Equipos de seguridade nas súas instalación (cota mensual)			
Programas e aplicación informática			
<b>Outros</b>			
<b>DEREITOS DE PROPIEDAD INDUSTRIAL</b>			
Patentes			
Modelos de utilidade			
Deseño industrial			
Marcas de produtos ou servizos			
Dominios en Internet			
Imposto de vehículos de tracción mecánica			
<b>TOTAL INVERSIÓN SUBVENCIONABLE</b>			

Silleda, .....de .....2023  
Asdo.:



## ANEXO VI. DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA PERCEPTORA

D./Dña. ...., con DNI ....., en representación da empresa ....., co NIF ....., solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2023 do programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego do Concello de Silleda,

### DECLARA:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Que cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Silleda, .....de.....de 2023

Asdo: .....



**AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2023  
ANEXO VII . CONTA XUSTIFICATIVA**

D./Dna. ...., con DNI ....., en representación da empresa ....., co NIF ....., solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2021 do programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego do Concello de Silleda,

**DECLARA**

- Que para a actividade/investimento se lle concedeu unha subvención de..... euros e se realizaron os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa.

Nº factura	Gasto Subvencionable 2	Proveedor / Empresa	Data factura	Importe sen IVE	IVE	Importe total	DATA pagamento

Que se xunta a relación de facturas orixinais polo dobre do importe da subvención concedida e que o resto dos xustificantes

- Que os gastos que arriba se detallan son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron reflectidos nos libros contables do/a emprendedor/a
- Que \_\_\_Si \_\_\_Non se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade
- Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para cada actividade/investimento non superaron o importe total dos gastos devengados.
- Que o custo total da actividade/investimento ascendeu a \_\_\_\_\_euros
- Que se fixo a debida divulgación do financiamento do Concello de Silleda na actividade/investimento subvencionada
- Que está ó corrente coas súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ten débedas de ningún tipo co Concello de Silleda

Silleda , ..... de ..... de 2023

Asdo: .....

